

# XUBILACIÓN PROFE ÁNGELES



Queridas familias e Comunidade Escolar do Ceip Vista Hermosa:

Desexando que esteades todos ben, con esa ilusión e espírito de loita no día a día, hoxe quero comunicarvos a vós e aos vosos fillos (os meus queridos nenos e nenas) a miña despedida do Colexio, xa que a finais deste trimestre estarei xubilada.

As circunstancias imprevísibles alteran as decisións e os rumbos das nosas vidas, igual que se dunha programación de aula se tratara. Un día ou outro hai que despedirse e a min, tócame agora.

Pero non quería marchar sen antes dicirles a eses nenos e nenas que hoxe están aínda no cole, e a todos aqueles outros que xa pasaron aos institutos, á universidade e incluso están xa coa súa formación feita e traballando, a todos/as quero facer vos chegar que sempre vos levarei no meu corazón polo moito que me ensinastes e polo agarimo e maravillosos recordos que me deixastes. Dende o último grupo que collín, que case non chegaron a coñecerme, ou os penúltimos, que agora rematan 2º de Primaria, e cos que tiveren un vínculo moi especial polas circunstancias da pandemia, ou os case maiores do cole, que están en 5º, pasando por todos os que ao longo destes vintetantos anos no centro tiveren a sorte de sentelos tamén un pouco meus, a todos Grazas.

Somos concientes de que os tres primeiros anos da vida escolar dun neno/a significan moito a todos os niveis, na configuración da súa personalidade e na posterior evolución académica, marcando, en moitos casos, para sempre a súa

traxectoria. Por iso, eu persoalmente, vivín esa relación con eles case coma se dos meus fillos se tratase, inculcándolles (ou tratando de facelo) o mellor de min mesma.

Espero que sempre me recordedes co mesmo cariño co que eu me lembrarei de todos e cada un de vós.

Grazas a esas mamás e papás cos que sempre foi tan doado comunicarse.

Grazas tamén a esas avoas e avós que acompañaban cada día ós seus netinos ao cole, e cos que daba gusto falar.

Grazas, en definitiva, a toda a Comunidade Escolar, conserxes (en especial a Super Star, sempre disposta a axudar), á xente do comedor, limpadoras, ás coificadoras e, (como non!)

mil grazas a todos os compañeiros e compañeiras que hoxe seguen en activo, do mesmo xeito que a todos aqueles que, por diversas circunstancias, xa non están.

GRAZAS, Comunidade do Ceip Vista Hermosa por poder vos sentir como a miña segunda familia, contribuíndo a que cada día, ó longo destes vinte e pico anos compartidos, fose para min cada un deles, non unha xornada de traballo, senon un privilexio inmerecido.

A toda a Comunidade do Ceip Vista Hermosa comúncovos que me vou do colexio, pero vós non vos iredes nunha da miña vida. Esas experiencias e vivencias compartidas, así como a comunicación co alumnado, familias, compañeiros/as e persoal non docente quedarán por sempre, e porque xa forman parte de min, gardadas no meu corazón.

Ogallá eu deixase en cada un de vós unha pegada semellante.

Prof. Jugles

